

## **SOBRE A VIDA E A MORTE**

Texto de IONA HEATH

Contribución de JOHN BERGER

Tradución de NEILA GARCÍA SALGADO

Ilustración de portada de SONIA PULIDO

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 200 páx. 14 €.

[Sobre a vida e a morte](#) (galego)

ISBN 978-84-16721-62-7. Ágora K. Factoría K.

[Qüestions de vida i mort](#) (català)


ISBN 978-84-18558-00-9. Ágora K. Factoría K.

*A soberbia da medicina científica afogueira unhas expectativas públicas cada vez maiores dunha saúde perfecta e dunha lonxevidade en consonancia, e destes procesos aprovéitanse con ansias os xornalistas e políticos e, por riba de todos eles, a industria farmacéutica. O propósito da atención médica e o parámetro polo que esta se avalía é, en moi ampla medida, o sinxelo alongamento da vida. Estamos a falar todo o tempo de mortes evitables, coma se a morte se puidese evitar nalgún caso e non pospoñer...*

Son unha minoría as persoas que teñen o que se entende por unha “boa morte”. Iona Heath aborda a definición deste concepto e invita a pensar que forma de morrer queremos para nós e para os nosos seres queridos. “Ao falar con amigos e colegas, decátome de que moitos poden describir a súa participación nunha morte especial en concreto, na que a persoa moribunda parecía capaz de controlar e orquestrar o proceso e morrer cunha dignidade e calma que deixaba a todos os que a rodeaban, mesmo ao doutor, coa sensación de ser uns privilexiados por participaren nesa historia, e dalgún xeito extraño arriquecidos pola experiencia”, explica a autora. Pero esa forma de pasamento é pouco habitual. Predominan os casos nos que a morte se produce nun contexto agresivo co paciente, sendo obxecto de manipulación e falta de respecto, cos acompañantes sometidos a un duro sufrimento.

Morrer é difícil; tamén o é ser médico e asistir cada día á agonía dos doentes, tomando conciencia constantemente dos límites da ciencia. Entre o paciente terminal e o doutor establécese unha estreita relación que conleva unha ardua tarefa: como dialogar con quen está próximo a marchar, como apoialo nese proceso inexorable sen sometelo a un inútil ensañamento terapéutico, como facer máis amable e digna a transición da vida á morte... «Sobre a vida e a morte» é unha obra necesaria, interesante e fermosa na que a autora expón o seu punto de vista sobre estas cuestións tan delicadas.

O escritor John Berger asina o limiar e tamén presenta «Doce teses sobre a economía dos mortos», con fondos pensamentos filosóficos: “Os mortos habitan un momento intemporal de construción que recomeza continuamente. A construción é o estado do Universo en calquera instante”.



- **Temática:** reflexións sobre a transición da vida á morte.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** medicina, enfermidade, hospitalización, cuidados paliativos; filosofía, literatura; naturalización do proceso do pasamento; fragilidade do ser humano; con achegas do escritor John Berger; portada de Sonia Pulido, Premio Nacional de Ilustración 2020.
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/sobre-a-vida-e-a-morte-g>

### **Iona Heath**

Naceu en Inglaterra. Estudou medicina e dende 1975 foi médica xeralista na zona de Camden, un dos arrabaldos máis deprimidos de Londres. Entre 1973 e 2003 dirixiu o Grupo sobre Desigualdades na Saúde. De 1998 a 2004 presidiu o Comité de Ética Médica do Real Colexio de Médicos Xerais, ao que pertencía dende 1989. Entre 1997 e 1999 formou parte da Real Comisión para o Coidado dos Anciáns e, dende 2004, é integrante da Comisión de Xenética Humana. Tamén ocupou a presidencia do Comité de Ética do British Medical Journal.

### **John Berger**

(Inglaterra, 1926 - Francia, 2017)  
Narrador, ensaísta, novelista, guionista, dramaturgo e crítico. Foi un dos escritores máis influentes a nivel internacional dos últimos cincuenta anos. Explorou as relacións entre as persoas e a sociedade, a cultura e a política, e a experiencia e a expresión nun conxunto de novelas, ensaios, obras de teatro, filmes, colaboracións fotográficas e representacións. En 1967 publicou, xunto con Jean Mohr, *A Fortunate Man: the story of a country doctor* (Un home afortunado: historia dun médico do rural), amplamente considerado o libro máis extraordinario sobre a práctica da medicina familiar.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com